



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Extinción contrato de traballo peón para obras e servizos mínimos municipais e convocatoria sorteo público

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o nomeamento de Pablo Lapido Doldan con DNI 32833903T (rexistro de saída núm. 2018/940 de data 26/06/2018) como peón para obras e servizos mínimos municipais do programa de integración laboral, subvencionado pola Deputación provincial da Coruña, dacordo coas bases da convocatoria decreto de alcaldía núm. 196/2018 de data 23/05/2018, e segundo consta na acta do Tribunal cualificador de data 21/06/2018, con efectos de alta o 27/06/2018.

Visto que non se presenta ao posto de traballo no día de hoxe 27/06/2018 e segundo a manifestación expresada telefonicamente á Técnica local de emprego de dimisión voluntaria ao posto de traballo de peón para obras e servizos mínimos municipais con efectos inmediatos por causas persoais.

Visto o artigo 49.1 d) do Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro polo que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Visto que na base undécima da convocatoria non hai mínimo de puntuación para lista de reserva, e tendo puntuación cero tres dos candidatos presentados e segundo a base novena “ *en caso de empate terán preferencia os aspirantes que obtivesen maior puntuación no apartado A-1 e no caso de seguir o que teña maior puntuación no apartado A-2, finalmente en caso de que continuara existindo un empate procederase a un sorteo público entre os implicados*” .

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o nomeamento como peón para obras e servizos mínimos municipais de Pablo Lapido Doldan con DNI 32833903T por dimisión voluntaria do traballador.

SEGUNDO.- Proceder ao sorteo público o xoves día 28/06/2018 ás 10:30 horas na Casa consistorial do Concello de Boimorto dos candidatos de puntuación cero no concurso (baremación de méritos) segundo acta do Tribunal cualificador de data 21/06/2018:

1.- Miguel López Taboada con DNI 33266768M (0 puntos)

2.- Andrea Vázquez González con DNI 35623074F (0 puntos)

3.- M^a Luz Pardo Vidal con DNI 78782249G (0 puntos)

os efectos de contratación dun novo peón para obras e servizos mínimos municipais do programa de integración laboral subvencionado pola Deputación provincial da Coruña.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto a Pablo Lapido Doldan con DNI 32833903T e publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos.

BOIMORTO, mércores 27 de xuño de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ